



A PENEIRA

Xornal galego para o debate, a cultura, o ensino e o lecer

ANO 5 | Edición nº 52 | Abril de 2022 | PRECIO 2 EUROS

Salvaterra recibe un novo camión de lixo

Páxina 2

Volve a normalidade ao Corpus de Ponteareas

Páxina 6

PP pide Unidade de Saúde Mental para Ponteareas

Páxina 7

ACIP denuncia falta de prazas na contratación

Páxina 8

LXII Festa da Lamprea en Arbo

Páxina 9

XXIX Feira do Requeixo e do Mel das Neves

Páxina 11

As Neves acolleu a V Asemblea de xornalistas saharauís en Europa

Páxina 10

A tradición cesteira de Mondariz chega ao MICE 2022

Páxina 12



A alcadesa, Cristina Fernández Davila, xunto ao concelleiro de Facenda, Pancho Alonso, e á segunda tenente de alcaldesa, Chus Garrote, na presentación do orzamento.

Ponteareas aproba os Orzamentos 2022, de case 19 millóns de euros

Páxina 4

Portugal - Alto Minho

Entrevista



Vasco Ferraz

Presidente da Câmara de Ponte de Lima

“Já se preparam, para 2025, os festejos dos 900 anos e alteração do feriado municipal”

Páxina 15

Caminha vai ter um novo hospital privado

Páxina 14

Vale do Lima associa-se na valorización do vinho loureiro

Páxina 14

Corta-Mato Escolar nacional em Valença do Minho

Páxina 16



basta
50%
Descuento
Nueva Zona
de Descanso

BOINSCON

LAS MEJORES MARCAS EN DESCANSO

pikolin BULTEX

Concha de Brey, 4, Ponteareas
986 64 01 15

609 85 14 52



CONDADO/PARADANTA

Salvaterra recibe un novo camión de lixo

O Concello ven de recibir un novo camión de lixo, adquirido polo municipio por máis de 140.000€ e finanziado a través do Plan Concellos 2021 da Deputación Provincial. Trátase dun vehículo compactador de RSU de 11m³, ampliando a capacidade de recollida considerablemente e que conta con moitas melloras que facilitarán o traballo dos operarios, conseguindo así máis axilidade.

O incremento de poboación tanto no centro urbano como nas parroquias trae consigo tamén un incremento na xeración de residuos orgánicos que engadido a avanzada idade dun dos camiños de



lixo cos que conta o Concello, xa que debido a gran dispersión e cantidad de poboación é necesario que a diario se mobilicen os dous vehículos, facía necesario

unha renovación co fin de mellorar o servicio ofrecido, de forma que se optimice da forma máis eficiente posible a recollida de residuos sólidos urbanos.

A Biblioteca Municipal de Salvaterra fai balance logo dun mes nas novas instalacións

Tras a inauguración da Biblioteca Pública Municipal de Salvaterra de Miño, aertura a este novo espazo cultural e lúdico podemos decir que o balance é máis que positivo, xa que contou cunha gran acollida por parte dos veciños e veciñas.

Con case un centenar de rexistrados dende a nova apertura, dos cales a metade son nenos e nenas, as instalacións foron transitadas por diferentes motivos, dos cales destacan estudar, ler e facer traballos académicos en grupo, algo para o que as novas instalacións se prestan, xa que a propia configuración do espazo nos invita a estudar.



Para cumplir con este obxectivo, están ao servizo do usuario ordenadores, enciclopedias e libros que serven de consulta e aprendizaxe para calquera que o precise.

A sala infantil tamén estivo moi concorrida. Sempre acompañados por un adulto, os máis aventureiros atrevéronse cun quebracabezas ou un conto infantil.

Ademais as novas instalacións contan cun espazo polivalente para presentacións de traballos ou reunións informativas.

Acerca das actividades complementarias, este mes conmemorouse o día de Rosalía de Castro, onde participaron ata 50 persoas. Tamén se crearon espazos dedicados ao Día Internacional da Muller, mediante a lectura de Contos para a Igualdade.

Por último, cabe convidar a todos aqueles que busquen un entorno idóneo para aprender e traballar a visitar a Biblioteca Pública e lembrar que estas instalacións están situadas no recinto amurallado.

Entrega de novos composteiros en Salvaterra

O Concello de Salvaterra de Miño volve a por a disposición dos seus veciños e veciñas unha nova remesa de composteiros, dentro do programa de compostaxe doméstico para vivendas unifamiliares, gracias a adhesión ao programa de compostaxe de SOGAMA que busca lograr unha xestión máis sostible do lixo.

Deste xeito, O Concello manterá a súa extensión das prácticas de autocompostaxe á novas vivendas unifamiliares para propiciar a reciclaxe da materia orgánica en orixe, un proceso con importantes beneficios ambientais e sociais.

Dado que os residuos orgánicos representan aproximadamente o 42% da composición media dunha bolsa tipo, se estos se reciclan en orixe e se evitan o seu depósito en contenedores verdes convencionais, o Concello entregará menos toneladas de lixo a SOGAMA, reducindo deste xeito os costes.

@s Veciñ@s que se incorporen a esta nova fase, recibirán igualmente manuais didácticos nos que se explica de maneira detallada a técnica a seguir para obter un compost de boa calidad.

Día da Árbore en Salvaterra

Con motivo do Día Internacional da Árbore celebrado o pasado 21 de marzo, a Biblioteca Municipal

de Salvaterra organizou un par de actividades commemorativas sobre Maxia e Obradoiro de sementes.

“Salvaterra pola Igualdade”

Maria Fernanda Fernández Martínez foi a ganadora do primeiro premio do concurso por “Salvaterra de Miño pola Igualdade” por un vídeo no que denuncia comentarios machistas e degradantes. Tras obter o premio de 200 euros, Fernández representará a Salvaterra nos premios nacionais da iniciativa “Rodando por la igualdad”.

O segundo premio, dotado

con 100 euros, teno acadado Yanira García Pinto por un vídeo no que canta contra a prostitución. Tamén levouse a cabo o certame de TikTok “co hashtag #Salvaterrademiñoporlaigualdad. Un total de 32 concellos de toda a xeografía española (31 localidades e unha Mancomunidad) sumáronse á segunda edición da iniciativa nacional “Rodando por la igualdad” para loitar xuntas pola igualdade de xénero.

Talleres Guiller Motor
Venta de vehículos usados



Pazo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)
Tel./Fax 986 66 15 41



CONSTRUCCIÓN EN GENERAL - REFORMAS - CANTERÍA - PANEL SANDWICH

Tafi
VALIÑO, S.L. SALVATIERRA DE MIÑO

FRAN: 637.993.690 | tafisalvaterra@gmail.com

Saneamento no camiño da Marquiña

O Concello de Salvaterra, dentro do seu programa de mellora e ampliación do servizo de saneamento, ven de iniciar as obras para a implantación do saneamento no camiño da Manquiña e no lugar de A Vesada, na parroquia de Alxén por un importe de máis de 76.000€. Esta obra está financiada a través do Plan Concellos 2021 da Deputación Provincial.

Esta actuación ten como fin dotar de saneamento a máis de 40 vivendas, a través de varios tramos de colector de no lugar



de A Vesada , incluíndo o colector por todo o camiño da Manquiña, coa canalización de tuberías de

PVC, incluíndo todas as actuación complementarias como excavacións, pozos e reposicións.

A Deputación anticipa máis de 238.000 euros da recadación do servizo de recollida de lixo

A súa adhesión ao ORAL permitiu ao Concello de Salvaterra ingresar por anticipado nas arcas municipais 238.109,17 euros da recadación do servizo de recollida de lixo do ano 2022. Así se recolle nunha Resolución emitida pola Deputación a solicitude do municipio.

A cantidad do anticipo corresponde co 70% do padrón da taxa.

A petición foi formulada a mediados deste mes de marzo pola Alcaldía de Salvaterra e resolta favorablemente. A cantidad anticipada será reintegrada á Deputación con cargo ás liquidacións trimestrais da taxa de lixo de Salvaterra deste ano.

Plantan 150 castiñeiro en Fornelos da Ribeira



O baldío de Pedra Pena de 0,7 hectáreas transformase nun bosque de frondosas de castiñeiro e cerdeiras. A comunitade de Montes Fornelos da Ribeira xunto co IES de Salvaterra de Miño e ANPA Chan da Ponte transforman nun bosque de frondosas o baldío de Pedra Pena coa plantación de 150 castiñeiro e 15 cerdeiras.

Este baldío atopábase sen arborado polos graves incendios que asolaron a comarca no 2017. A comunitade de Montes Fornelos da Ribeira conta con só 12 hectáreas de superficie de monte clasificado, con parcelas de moi pouca superficie o que supón un problema para poder optar as axudas da Consellería de Medio Rural.

Campamentos de Semana Santa

O Concello de Salvaterra de Miño realiza un ano máis o Campamento de Semana Santa dentro do seu programa de conciliación da vida laboral e familiar.

A actividade levarase a cabo os días 11, 12, 13 e 18 de abril na Casa da Cultura en horario de 9:00 a 14:00h, con posibilidade de ampliación dende as 7:30h. Os desti-

narios son nenos e nenas nados entre o 2010 e o 2019 e o prazo de inscrición será dende o 1 ao 7 de abril, a cal se poderá realizar no rexistro do Concello ou mediante a sede electrónica.

Xogos, manualidades, cociña e experimentos serán algunas das actividades que os nenos e nenas realizarán para pasar unha Semana Santa moi divertida.



Capital histórica do Condado



CONCELLO DE
SALVATERRA DE MIÑO

CONDADO/PARADANTA

Ponteareas presentou os Orzamentos 2022

Aalcadesa de Ponteareas, Cristina Fernández Davila compareceu xunto ao concelleiro de Facenda, Pancho Alonso, e á segunda tenente de alcaldesa, Chus Garrote, para presentar o orzamento do Concello para o ano 2022, que alcanza unha cifra próxima aos 19 millóns de euros.

Este orzamento consolida o reforzo dos servizos públicos. Dos case 19 millóns de euros, o executivo destaca as partidas destinadas ás políticas de benestar social, que superan os 3 millóns de euros, para atender prioridades como os servizos sociais, a residencia de maiores, a axuda no fogar ou a escola infantil entre outras. Outra das partidas de gasto corrente máis relevante

é o servizo de limpeza viaria, recollida do lixo e tratamento deste, que supera os 1,8 millóns de euros.

Tamén relevantes son as partidas destinadas a educación e cultura, que suman 2,2 millóns a investir en centros educativos, biblioteca, actividades festivas e culturais e no Conservatorio, a pesar de non ser esta unha competencia municipal. En total, o orzamento contempla 3,7 millóns de euros para investimentos no centro urbano e as parroquias.

Tras o ditame favorable da Comisión de Facenda, os Orzamentos de 2022 foron sometidos a debate en pleno municipal a finais de marzo. A alcaldesa destacou que estes orzamentos consolidan a "normali-



dade" no desenvolvemento económico do Concello, ao continuar na liña de presentar un orzamento cada ano.

Pola súa banda, a segunda tenente de alcaldesa, a socialista Chus Garrote, salientou que "son uns orzamentos que apostan polo desenvolvemento do rural, polo emprego e a formación".

Satisfacción dos socialistas

O PSdeG-PSOE de Ponteareas xa amosara a súa satisfacción trala reunión co BNG para pechar un acordo sobre os orzamentos.

Os eixes deste acordo foron os seguintes: manter cando menos as diversas subvencións e axudas a colectivos sociais, culturais e deportivos do municipio; aumentar o orzamento do Centro de Reparto de Alimentos; aumentar o orzamento para o desenvolvemento do rural e das parroquias; aumentar o orzamento para o fomento do Emprego; e manter o convenio coa protectora de animais Os Biosbardos, que desaparecería do borrador de orzamento.

O PP pide reflectir nos Orzamentos a achega para a reforma da estación de autobuses

O Grupo Municipal do PP esixe que se inclúa unha partida no orzamento municipal 2022 que reflicte o diñeiro comprometido coa Xunta de Galicia para levar a cabo a mellora da Estación de Autobuses de Ponteareas.

Os populares critican ao concelleiro Roberto Mera por "negarse ao diálogo coa Xunta" en materias como o Centro de Saúde e a Estación de Autobuses.

A Xunta non pagará pola xestión do Concello

Por outra banda a alcaldesa Cristina Fernández Davila, la-

mentou a negativa da Xunta de Galicia a pagar ao Concello de Ponteareas a cantidad debida pola xestión da Estación de Autobuses desde 2011.

Nun escrito remitido á alcaldesa, a Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade alega que as perdas da Estación a pagar se limitan ao período 2011-2016 e se compensan coa ocupación de parte das instalacións por parte de colectivos sociais como Ponte Solidario.

A alcaldesa respondeu que a Consellaría "falta á verdade e, afortunadamente, está documenta-



tado o compromiso da Xunta de pagar as perdas assumidas por Ponteareas nestes once anos e sen ningunha clase de compensación por ocupación das instalacións".

PP Ponteareas leva o PXOM ás parroquias

O Grupo Municipal do PP, ante o aluvión de preguntas urbanísticas que estaba a recibir por parte de veciños, decidiu iniciar unha rolda de reunións a todas as parroquias e zonas de Ponteareas para explicar o documento do PXOM, aprobado definitivamente por PSOE e BNG, e que está a provocar xa os primeiros males- tares, sobre todo no rural.

A primeira reunión produciuse na parroquia de Areas. As próximas reunións continuarán polo



rural e ao finalizar todas as pa- rroquias iniciarse otra rolda

de reunións en diferentes partes do pobo de Ponteareas.

Estudan presentar denuncia pola Central de Biomasa

Os servizos xurídicos da Asociación "Ponteareas Saudable" estiman que, de acordo co informe da arquitecta municipal, as obras realizadas na Central de Biomasa non se axustan á legalidade urbanística vixente.

Tal e como denunciou esta asociación, o Concello de Ponteareas outorgou a licenza de construcción dun Centro de Transformación eléctrica á Compañía Sestelo Expediente para dar servizo á planta de Biomasa sen o preceptivo informe de patrimonio. Isto despréndese da copia do expediente do xulgado do Contencioso nº 2 de Pontevedra o día 9 de febreiro de 2022. Por tanto, "Ponteareas Saudable" es-



tuda presentar un requerimento da legalidade vixente e en consecuencia a demolición das obras realizadas por non axustarse a derecho.

Novas marquesiñas para o transporte escolar

Ponteareas xa conta con novas marquesiñas para sinalizar as diferentes paradas de transporte escolar da vila. Cun investimento de 19.000€ dentro do Plan Concellos 2021 da Deputación de Pontevedra, as marquesiñas colocáronse en Rañe, na parroquia de Moreira; en

Rocha, en Parada; en Santa Leocadia, en Guillade; e no Alto da Gloria, en Fontenla. Ademais completouse a súa instalación coa colocación de indicadores para localizar as escolas unitarias do rural, como as de Parada e Portela en Xinzo e as de Moreira, Ribadetea, Pías e Areas.

EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director

A patria na carteira



Hoxe voulles trasladar unha reflexión sobre a primeira parte do contido dun libro que estou lendo. Titúlase "LA PATRIA EN LA CARTEIRA"; o autor é Joaquim Bosch, xuíz de 1ª Instancia. O autor ofrécenos un montón de capítulos dedicados á corrupción pero hoxe imos falar só do que nos ofrece na introducción do libro. En reflexións posteriores iremos falando dos diversos capítulos. Todos son sumamente interesantes. Coñecemos, logo, por adentrarnos nas entrañas deste apaixonante libro.

"Cuando el pasado se resiste a pasar", este é o título da introducción; un País agredido por las prácticas corruptas.

Métamonos nas tripas desta publicación para que nos ilustre sobre este estudio feito sobre a corrupción, e sobre todo sobre a corrupción deste noso País, aínda que nesta ocasión o momento non nos permita máis que meter a puntiña.

A corrupción, en boca deste autor, acostumamos a considerala como unha das nosas peculiaridades. Algo así sería impensable noutros países europeos, mais identificados pola puntualidade, a excelencia organizativa ou a precisión na fabricación de reloxos. Sen embargo, en España, temos assumido con naturalidade atávica que as conductas indecentes forman parte da nosa paisaxe institucional. Pasaron os anos, as lexislaturas e os distintos sistemas políticos pero esta vergoñenta patoloxia permanece; parece que non vaia a limparse nunca o lixo dos nosos cuartos más sucios.

Hai quien opina que somos un país corrupto por natureza e que as solucións son imposibles, igual que unha persoa pode padecer unha diabetes incurable. Outros afirman que non hai tanta corrupción como se di. As críticas presentan

diversidade de enfoques, pero as alusións sociais as prácticas corruptas son continuas, desde humor, ao estoicismo, a indignación e o autoodio.

Con frecuencia repítense o tópico de que o carácter español é propenso á corrupción, que se mostraría en fenómenos como na novela picaresca dos séculos XVI e XVII. Seguro que hai comporta-

trampas e enganos. O "Lazarillo", o "Buscón", "Guzmán de Alfarache" ou "Rinconete e Cortadillo", intentan saír adiante nunha ardua peleja pola vida. As visións dos pícaros, con frecuencia plagadas de ironía, non entran na xestión dos cargos públicos ou en apropiacións dos caudais de toda a sociedade. Hai unha grande disparidade entre a vida de Lázaro de Tormes e as traxectorias de Roldán, Bárcenas ou Urdangarin. O primeiro é un orfo que trata de subsistir en situacións límite. Os outros parten de situacións acomodadas, pero buscan enriquecerse máis a toda costa e prexudican os intereses comúns. A diferencia entre a picaresca e a corrupción actual é moi sensible. A narrativa critica os vicios sociais non é exclusiva de España. Na mesma época escribiríronse obras no mesmo sentido por Europa adiante. A proba é a propia Reforma protestante que se utilizou coma un dos caballos de batalla para embestir contra as desvergonzadas.

A reforma das costumes foi tema reiterado en todos os países europeos. Charles Dickens sinalaba os defectos da sociedade británica do seu tempo; mentres que Balzac facía o mesmo pero referido a sociedade francesa e Larra escribía en Madrid sobre as conductas mais reprobables. Con posterioridade, Pérez Galdós deu un paso máis e retratou nalgúns das súas novelas determinadas actuacións pouco exemplares da Administración pública ao longo do século XIX. A mediados deste século as prácticas corruptas en España eran moi semellantes ás doutros países europeos. Será nese momento cando se comeza a establecer as bases institucionais que acabarán coa construcción do Estado con-


temporáneo e intentarán acabar con favoritismos, corruptelas e prácticas deshonestas.

As reformas estruturais noutros países de Europa permitíronlle chegar ao século XX con profundas transformacións sociais, administrativas e políticas. Dinamarca é actualmente un dos países con niveis máis baixos de corrupción do mundo, pero logo das guerras napoleónicas, os sobornos, os fraudes e as malversacións ainda seguían estando presentes. As modificacións institucionais que se impulsaron nesa época nas sociedades escandinavas leváronas a reducir as prácticas corruptas de maneira efectiva. En cambio en España comezamos a rezagarnos na loita contra a corrupción pola xestión clientelar das tensións internas. A degradación progresiva dos sistemas da Restauración e o colapso moral para as institucións que supuxo a ditadura de Franco provocaron que as prácticas corruptas acadaran en España dimensións abrumadoras. A nosa democracia non foi quen ata agora de impulsar as reformas aconsellables para rematar con esta lacra.

Non existe unha predisposición xenética ou cultural que nos condene a perpetuidade. En lugar de conformarnos resulta bastante máis construtivo analizar con precisión o problema. Hai motivos de sobra para dedicar tempo, reflexións e recursos para mellorar a nosa calidade institucional. En todos os estudos sociolóxicos dos últimos tempos a corrupción ten sido cualificada polos ciudadáns como un dos principais problemas do noso país.

En próximas entregas seguiremos dándolle pistas de como se foi conformando este caldo de cultivo da corrupción en España. Daquela xa nos adentraremos en casos moi concretos e coñecidos, polo menos de oídas, de todos vostedes. Polo de agora estean atentos para que os corruptos non lle dean gato por lebre; non lles presenten como estupendas situacións económicas que non son máis que prácticas corruptas.

Páseno ben. Sexan felices.



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Volve a normalidade ao Corpus

Ponteareas recupera a normalidade e volverá a ser a vila do Corpus como antes da pandemia. Concello e alfombristas mantiveron unha primeira reunión de traballo para comezar a perfilar a celebración da edición deste 2022, "no que se recuperarán as mostras florais ao 100% e o ambiente tradicional dunha festa con 165 anos de historia ininterrompida ata a chegada do COVID", salienta a alcaldesa, Cristina Fernández Dávila.

Tras unha celebración virtual e desde os balcóns das casas no 2020 e un festexo contido o ano pasado con pequenas mostras que ocupaban menos do 40% da

súa extensión habitual, o 18 de xuño deste ano as rúas ponteareás volverán encherse do arrecendo e da cor das alfombras florais.

Tamén volve á normalidade a colaboración con delegacións convidadas e xa se iniciaron os contactos coa localidade turolense de Aguaviva e coa asociación arxentina Infiorata, que tiñan prevista a súa participación na edición do 2020, así como coas asociacións de alfombristas da Orotava e Monção para manter o intercambio habitual con estas localidades.

Por outra banda, xa está en marcha a elaboración do cartel



desta nova edición da festa, declarada de Interese Turístico Internacional. Ademais, Concello e alfombristas traballan tamén en buscar fórmulas para incentivar a choiva de pétalos, un dos momentos más emotivos e peculiares do Corpus ponteareán.

Festival de Bandas Infantís en Xinzo



O 12 de marzo, a parroquia ponteareán de Xinzo acolleu o III Festival de Bandas Infantís despois de tres anos sen poder celebralo debido á pandemia. No auditorio do Centro Cultural, as dúas bandas da Escola de Música (ESMU),

a Banda Infantil e a Pequebanda, foron as protagonistas.

O sábado 9 de abril volverán a actuar cando os músicos de ámbalas agrupacións regresen ó escenario do Centro Cultural de Xinzo para a audición do segundo trimestre da ESMU.

IV Concurso de poemas ilustrados de Rosalía de Castro

Ponteareas premiou a creatividade do seu alumnado no IV Concurso de poemas ilustrados de Rosalía de Castro, que celebrou a súa gala de entrega de galardóns no auditorio municipal coincidindo coa conmemoración do Día Mundial da Poesía.

O xurado seleccionou 16 traballos entre os máis de 80 presentados do CEIP Santiago de Oliveira, do CEIP Feliciano Barrera de Guláns, do CEIP Fermín Bouza Brey, do CEIP Plurilingüe Nosa Señora dos Remedios e do CPR Plurilingüe A Inmaculada.

Deste xeito, nesta edición Lara Álvarez acadaba o primeiro premio, mentres que Carmen Porto, Lucía Blanco e Laura López con-



seguían o segundo, terceiro e cuarto posto, respectivamente. As outras nenes e nenas de primaria galardoados foron Leire Porto, Nicolás Acuña, Antía Fernández, Carmen González, Roi Lamela, Keely Dagneth Vala Saldanha Corpio, Uxía del Río, Antía Prego, Asier dos Santos, Sara

Bargiela, Iria Barros e Saray Fernández. Os 16 traballos premiados decorarán as páxinas do calendario escolar do vindeiro ano.

O evento contou tamén coa actuación das Punkiereteiras, un grupo de mozas ponteareás con música de pandeireta e canto tradicional.

Aberto o proceso de solicitude de praza na Escola Infantil Municipal

A Escola Infantil Municipal de Ponteareas xa ten aberto o seu proceso de admisión de alumnado para o vindeiro curso 2022/23, para todas aquelas nenas e nenos de entre 3 meses e 3 anos de idade. O prazo de presentación de solicitudes rematará o vindeiro 29 de abril. As familias poderán consultar a documentación necesaria e descargar o impreso para a solicitude na

web do Concello. Tamén podrán recoller os formularios na propia Escola Infantil de 09.00 a 14.00 horas, sempre con cita previa telefónica no 986661197.

A concelleira de Benestar Social e Igualdade, Verónica Carrera, lembra que, ao ser unha escola de integración, pódese solicitar praza para nenos e nenas con discapacidade física, psíquica e sensorial.

Colaboración da Biblioteca co CEIP Oliveira

A Biblioteca Municipal de Ponteareas colabora co CEIP de Santiago de Oliveira no proxecto documental integrado (PDI) deste curso, que leva por nome 'Animalarium' e se centra principalmente na investigación e coñecemento do mundo animal.

ALOMobi
tu tienda de telefonía

MULTIOPERADOR - REPARACIONES
SEGUROS - MULTISERVICIOS

Tarifas y teléfonos LOW COST

C/DARIO BUGALLAL,5A
Telf.: 886 160 565

PONTEAREAS
olitato@gmail.com

GLITTER
Tu tienda especializada en
PATINES

ACCESORIOS, RECAMBOS
Y COMPLEMENTOS

MALLAS, BAÑADORES, DANZA, etc.

C/ Virgen de Los Remedios, 16
PONTEAREAS
glittercb2016@gmail.com

Tlf. 986 17 78 63
645 38 96 68

CL OS

Reveriano Soutullo, 5 - PONTEAREAS
Telf. 886 216 896 - 670 739 070
www.closzapateria.com

Clos Zapateria

Éxito de participación na Semana das Ciencias

A VI edición da Semana das Ciencias pechou o pasado venres cun grande éxito de participación. Organizada pola Concellería de Ensino, permitiu a celebración de seminarios para profesorado, saídas didácticas, conferencias e obradoiros.

Ao longo desta semana científicos das universidades galegas achegáronse ata Ponteareas para reflexionar sobre "Sostibilidade e cambio climático". Tamén houbo saídas didácticas pola beira do río Tea para o alumnado dos centros participantes.

O venres, na contorna da casa do Concello, 23 stands de trece centros educativos déronse cita para amosar os seus coñecementos científicos. Centos de persoas aprenderon da man do noso



alumnado e do seu profesorado.

A alcadesa, Cristina Fernández Davila, deu os parabéns a todos e todas as participantes polo seu bo traballo e a súa predisposición para aprender e, tamén,

para ensinar. Subliñou, ademais, a importancia que ten a Feira das Ciencias para dar visibilidade a boa parte do traballo que fan os centros escolares de portas cara a dentro.

Novo Secretario Xeral do PSdeG-PSOE de Ponteareas

O PSdeG-PSOE de Ponteareas da por finalizada a situación de interinidad prolongada pola emergencia sanitaria da COVID-19 elixindo a Delfín Domínguez como novo secretario xeral.

Domínguez estará acompañado pola actual concelleira do goberno municipal, Vanesa Fernández, como Secretaría de Organización; o histórico alcalde de Ponteareas, Francisco de Asís (Pancho) Candeira Mosquera; a concelleira do goberno Municipal, María Jesús Garrote Represas, como Secretaria de política municipal; Rubén Pérez Prego, da Unión Xeral de Traballadores (UXT) no cargo de Secretario de acción electoral; Inés Vidal Alonso, ex concelleira do goberno municipal e empresaria, como Secretaria



de igualdade e política social; e Tomás González Mouríño, ex concelleiro socialista e enxeñeiro de profesión, como Secretario de medio ambiente.

Ponteareas e a Xunta abordan as prioridades do Centro de Saúde

A alcadesa de Ponteareas, Cristina Fernández Davila, e o conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, mantiveron un encontro en Santiago de Compostela no que abordaron os problemas da sanidade pública na localidade e a colaboración municipal para un futuro centro de saúde e que levou a manifestacións multitudinarias en Ponteareas e outras localidades do Condado.

Cristina Fernández lembrou ao conselleiro os graves problemas polos que atravesa o Centro de Saúde de

Ponteareas, entre eles a falta de asignación de médico a 9.000 habitantes polo escaso persoal médico. García Comesaña adiantou á alcadesa a intención da Xunta de crear a nova unidade de saúde mental no Centro de Saúde.

Tamén trataron o tema dos terreos para o futuro Centro de Saúde, cifrados pola Xunta en 5.000 metros cadrados

construídos, tal e como estipulou a comunicación remitida ao Concello en novembro pasado.

O PP pide Unidade de Saúde Mental para Ponteareas

O Grupo Municipal do PP solicitou ante a Consellería de Sanidade da Xunta a posta en marcha dunha Unidade de Saúde Mental para Ponteareas e a súa comarca, tomando en conta o repunte de persoas con transtornos mentais e suicidios. Esta unidade estará composta por cinco consultas conformadas por psiquiatras, psicólogos, enfermeiros, un traballador social e un administrativo.

O PP lamenta a pasividade do bipartito BNG-PSdeG-PSOE en materia de Sanidade que se limita a facer convocatorias de concentracións mentres a Consellería segue esperando pola resposta do Concello de proposta de terreos para o novo centro de saúde. Tamén piden prazas para especialista en Atención Primaria.

ellos
moda hombre

PONTEAREAS
C/ Amado Garra, 15
Tlf.: 986 64 41 16

CAFÉ C.A.S

RESERVAS Y PEDIDOS: 604 07 93 04
QR CODE

DESAYUNOS
MENÚ DEL DÍA
FIESTAS DE SEMANA
MENÚ ESPECIAL
COMIDA PARA LLEVAR

Rúa Vidales Tomé N° 4, 36860 - Ponteareas

Vinoteca Eira Vella
víños, tostas, pulpas e danzis...

Rosalia de Castro, 12
Ponteareas
694 416 706

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

PSOE Ponteareas: "é un éxito histórico aprobación do proxecto da N120"

Dante das distintas valoracións xurdidas a propósito do proxecto de seguridade viaria da N-120, o PSdeG-PSOE criticou o "oportunismo e a incoherencia das distintas forzas políticas" locais sobre a recente aprobación do proxecto.

Considerou que a mesma "é unha mala nova para o PP", lembrando así o incumprimento das promesas que para a N-120 e a

Variante supuxo o goberno de Mariano Rajoy, coa súa táctica de "meter unha partida inflada nos orzamentos sen proxecto previo".

Así mesmo, os socialistas ponteareáns criticaron como "lamentable que unha boa nova para Ponteareas cause dor a forzas políticas que din defender os intereses do noso concello. Os cidadáns de Ponteareas non entenderían que a Plataforma N120,

BNG, PP e ACIP participasen nunha manifestación a prol da reforma da nacional 120 cando o proxecto xa está aprobado e continúase coa tramitación". Ante o que consideran como a "promesa cumplida polo goberno de Pedro Sánchez", os socialistas animan a PP, BNG e ACIP a deixar as accións electorais para as eleccións e se dediquen a traballar polo interese común.

ACIP denuncia falta de prazas na contratación municipal

O portavoz de ACIP, Juan Carlos González Carrera, denunciou que o Concello de Ponteareas solicitou só 12 das 20 prazas adxudicadas pola Xunta de Galicia na nova convocatoria de contratación municipal, e na que o Concello de Ponteareas podería contratar ata 20 traballadores, xa que conta con máis de 100 preceptores da RISGA (Renta

de Inclusión Social de Galicia), segundo os propios datos da Consellería de Política Social.

Carrera sinala que os traballadores que foron contratados o ano pasado mediante este programa, e que se encontran a punto de rematar o seu contrato, levan meses reclamando unha serie de complementos sobre riscos laborais que non están recibindo e que

constan no Convenio Laboral do Concello de Ponteareas.



Publicado o proxecto para a seguridade viaria da N-120

O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbá publicou a aprobación provisional do proxecto de trazado para a mellora da seguridade viaria na Nacional 120, que posibilitará a súa posta a exposición pública.

Este proxecto está estimado nun orzamento de 3,3 millóns de euros e encadrado nunha actuación incluída no programa de conservación e mantemento da rede de estradas do Estado. Beneficiará especialmente aos veciños de Xinzo, Areas e Arnoso.

Limpeza de 25 parcelas contra incendios forestais

Co fin de previr e preservar a seguridade da cidadanía, o Concello de Ponteareas está a executar labores de desbroce, eliminación da maleza e retirada de especies pirófitas favorecedoras da proli-

feración de incendios forestais en 25 parcelas delimitadas como franxas prioritarias de seguridade do municipio.

A actuación enmarca no acordo asinado entre a Xunta de Galicia, SEAGA e a FEGAMP.

Iniciativa polo audiovisual en galego

O Concello de Ponteareas apoia o proxecto da Mesa pola Normalización Lingüística sobre a 'Iniciativa polo audiovisual galego', co obxectivo de buscar a igualdade para o galego na dobraxe, audiodescripcións

e financiamento de producción nos termos contemplados na Iniciativa Xabarín aprobada por unanimidade no Parlamento galego. Con esta campaña búscase igualmente presentar emendas á nova Lei do Audiovisual.

FERRETERIA EL PUENTE
GUISANFER, S.L.
Rúa Real, 91
36860 Ponteareas
Pontevedra
986 640 192 - 665 170 107
elpuente@guisanfer.com

CALCETA


@planetacalceta

PINTURAS BARCO LEÓN
PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES
Los precios más baratos del mercado
PINTAMOS SU CASA . PÍDANOS PRESUPUESTO
Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza

INMOBILIARIA MERCA VENDA
Casas Locales Fincas Pisos

Ventas Alquileres Tasaciones Presupuestos
Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalia de Castro nº4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

GALICIA NAIESENDA
SAÚDE, SEGURIDADE E BENESTAR
Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti
Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS
Teléf. 886 155 506



VI Marcha Btt da Lamprea

Dentro dos eventos que o Concello de Arbo, organiza no mes de Abril para promocionar a LXII Festa da Lamprea que este ano terá lugar os días 22, 23 y 24 de abril, volve a organizar despois de dous anos de parón por culpa da pandemia a VI Marcha Btt da Lamprea o 10 de abril.

O prezo por participar son 10 euro. As persoas que queiran participar nesta actividade, deberán inscribirse online na paxina web da Festa da Lamprea www.festadalamprea.gal, sendo o prazo máximo de inscrición o día 6 de abril.

Os participantes contarán con seguro, avituallamento, agasallo e o rematar a proba deportiva poderán degustar a lamprea e viño das adegas de Arbo, para levar un bo sabor de boca.



MUEBLES 2000 LUAN
Comercial Ricardo

ARBO (Muebles LUAN)
Polígono Industrial de Arbo - Barcela
Telfs: 986 66 54 54 - 986 66 54 34

SALVATERRA
C/ Rosalia de Castro, 84 bajo
Telfs: 986 65 94 74

PONTEAREAS
Ctra. Mondariz a 200m. de rotonda
Telfs: 986 64 27 02

CONDADO/PARADANTA

As Neves acolleu a V Asemblea de xornalistas saharauís en Europa

Por primeira vez foi elixida unha presidenta, Fatma Galia Ali

A activista polos dereitos humanos e comunicadora Fatma Galia Ali é a nova presidenta da Liga de Xornalistas e Escritores Saharauís para Europa. Fatma, escritora, conferenciante e unha das figuras más activas da cultura e a sociedade saharauí, foi elixida polos participantes na V asemblea desta organización, reunida nas Neves do 25 ao 27 de marzo.

A convocatoria da/os profesionais da información do continente europeo terá continuidade os vindeiros meses en América Latina e tamén en Asia, segundo comentou o presidente da Unión de Xornalistas saharauís, Nafii Ahmed Mohamed. Xosé Manuel Rodríguez Méndez, alcalde das Neves, inaugurou



esta Asamblea, animando aos asistentes a "romper o cerco mediático" imposto en moitos casos á realidade que viven os saharauís.

Fatma Galia Ali recoñeceu que "é un momento difícil para nós, sempre vimos a neutralidade do Estado e do Goberno español, que defendía a postura da ONU e a legalidade internacional, cambiou para defender a 'vía marroquí' da autonomía".

A clausura contou coa presenza de alcaldesas e alcaldes da zona do Miño, responsábeis do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, e do GDR Condado Paradanta, os membros do Intergrupo Paz e Liberdade para o pobo saharauí do Parlamento de Galicia, os deputados Alberto Pazos, Montse Prado e Martín Seco, que estiveron recentemente nos campamentos, e un representante da Xunta de Galicia.

As Neves volve a ter un axente de policía local

Borja Cachaldora, de 29 anos, é o novo axente da Policía Municipal de As Neves. Incorouse ao seu posto logo de competar os 6 meses de adestramento regulamentario, a metade deles en Ponteareas e os outros tres na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) na Estrada.

Neste tempo recibiu formación en materia xurídica, operativa, asistencial, de tráfico, administrativa, técnica, social, xudicial ou de investigación.

Borja é o único axente da Policía Local das Neves, o primeiro que ten o concello en preto de tres anos e o segundo en toda a súa historia. O seu antecesor, Fernando Fernández, estivo no seu posto preto de tres décadas, ata a súa xubilación en 2019.

A funcións do novo policía abranguerán dende a xestión de tráfico, realización de notifica-



cións e elaboración de informes ata a coordinación coa Garda Civil e os Servizos de Emerxencias, entre outras.

Melloras no cemiterio de Piñeiro no Covelo



O Concello de Covelo levou a cabo a execución do proxecto "Mellora das instalacións do cemiterio de Piñeiro", que está ao pé da PO-255, e financiado con fondos propios, a través do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, supón un investimento de 33.348,88€.

Trátase dun antigo local de 17,80 m² nun estado moi deteriorado con humidades no teito e

no chan por filtracións na cuberta e nas paredes, motivo polo que tamén estaba en mal estado o alcatrado. Entre algúns dos traballos que se están desenvolvendo, está a colocación dun depósito para o almacenaxe de auga, catro proxeetores LED de 4.000 lm e 40W de consumo, reemprazo de sanitarios, novas portas de rexistro de chapa de aceiro galvanizado e novas portas con pechaduras para o osario.

"Vacacións verdes" en Covelo

